



COLEXIO DE XEÓGRAFOS

Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos

**MEMORIA DE ACTIVIDADES DA
DELEGACIÓN GALEGA DO
COLEXIO DE XEÓGRAFOS**

2014



I. ÁREA DE XESTIÓN

1. Colexición

Como podemos ver no seguinte cadro, durante 2014 o ritmo de colexións mantívose baixo, e houbo 5 novos ingresos, descendendo un chisco en comparación cos anos anteriores.

<u>Ano</u>	<u>Número de colexións</u>
2001	34
2002	3
2003	6
2004	12
2005	6
2006	3
2007	2
2008	6
2009	5
2010	2
2011	6
2012	8
2013	7
2014	5

O perfil das novas colexións é de persoas novas, que obtiveron o título recentemente.

Perante a situación xeral de crise e desemprego, a nova normativa que afecta aos colexios profesionais e a falta de visibilidade da nosa profesión, dentro e fóra dela, motivan este ritmo tan lento de incremento.

Dende o punto de vista das baixas este ano si houbo un cambio substancial. En total houbo 26 baixas.

Houbo 5 baixas de carácter voluntario, por motivos como xubilacións ou por non dispor de emprego.

Pero o grosu das baixas viñeron producidas polo proceso aberto na primeira metade do ano para regularizar a situación de impagamentos. Aquelas persoas que tiñan algún impagamento das foi requirida para que se puxese ao día ou que sumisen a súa baixa.

Finalmente producíronse 21 baixas por este procedemento.

Polo tanto o balance de 2014, restando as baixas ás altas, é dunha redución de e 21 colexiados/as. Así, a día do 31/12/2014 existían 54 colexiados e colexiadas na Delegación Galega, ós que lles hai que sumar 2 precolexións.



Por outra banda, de cara a promover a nosa profesión mantivéronse xuntanzas co alumnado de Xeografía da Facultade, así como alumnado de E.S.O. ofrecéndolles a oportunidade, en colaboración co Departamento de Xeografía, de facer unha visita guiada pola Facultade co fin de ver como se traballa, ver os laboratorios, equipamentos, a estación meteorolóxica etc.

2. Xestión administrativa

A xestión administrativa en 2014 continuou sendo asumida polos membros da Xunta territorial, sen contar con ningún persoal de apoio. Esta situación produce limitacións no relativo á axilidade e capacidade de traballo.

3. Relacións co Colexio Estatal

A presidenta da Delegación Galega, a Secretaría e unha vogal asistiron, no mes de marzo, á Asemblea estatal que se celebrou en Barcelona.

Por outra banda, mantivéronse contactos constantes coas persoas responsables da Xunta estatal, así como co persoal da oficina central do Colexio, para resolver os asuntos pendentes e transmitir ou recibir informacións de interese.

Dende o punto de vista económico, e debido a que o Colexio é unha única persoa xurídica, dende a Delegación enviouse á tesouraría estatal toda a información e documentos de carácter financeiro necesarios para a correcta xustificación económica.

Nomeadamente, dende a Delegación participouse tamén na revisión dos borradores dos currículos das materias de Historia e Xeografía na ESO e no Bacharelato.

4.- Funcionamento interno da Delegación

O día 28 de febreiro de 2014 celebrouse a asemblea ordinaria da Delegación, no local do IDEGA, no Campus Sur da USC, na cidade de Santiago de Compostela.

A asistencia foi reducida, como vén sendo habitual, e foron aprobados os documentos que indican os textos regulamentarios (orçamento, conta de 2013, orçamento de 2014, memoria de actividades de 2013 e proposta de actuacións para 2014).

Por outra banda a Xunta territorial reuniuse o día 28 de novembro de 2014, na cal se aprobaron asuntos de xestión pendentes, abriuse o proceso para a creación da lista de peritaxes, e decidiu se apoiar a celebración, no ano 2015, da primeira Olimpíada de Xeografía en Galicia.

5.- Informe de xestión económica

A Delegación xestiona o seu propio orzamento, con base ós ingresos que a tesouraría estatal transfere ás delegacións.

Durante o ano 2014 a xestión da tesouraría aplicou o protocolo de xestión existente, recepcionando facturas e gastos, facendo os pagamentos por medio de transferencias



de banca electrónica, e enviando toda a documentación xustificativa á tesouraría estatal.

O resultado da conta do ano 2014 da Delegación é o seguinte:

Ingresos	2014
01 Ingresos por cotas colexiais transferidas	2.206,36 €
02 Xuros recibidos pola CCC	- €
03 Ingresos por formación	- €
04 Subvencións e convenios	- €
05 Visado	- €
06 Taxas por certificados	- €
07 Ingresos por venda de material divulgativo	- €
08 Remanente de caixa	- €
TOTAL INGRESOS	2.206,36 €

Gastos	2014
01 Publicacións	- €
011 Display	- €
012 Outros folletos	- €
02 Cursos e Formación	61,25 €
021 Poñentes - Impartición	39,20 €
022 Publicidade	22,05 €
03 Páxina Web	756,25 €
031 Actualización páxina web	726,00 €
032 Cota dominio xeografos.org	30,25 €
04 Contrato persoas de apoio	- €
05 Publicidade e Patrocinio	- €
051 Día da Xeografía	- €
052 Congresos	- €
06 Material de Secretaria, correos, etc.	68,24 €
061 Material membretado (sobres, folios, carimbo...)	- €
062 Teléfono	- €
063 Material oficina, correos, etc.	68,24 €
07 Gastos derivados da asemblea	8,40 €
08 Xuntas de Goberno	635,69 €
081 Xuntas de Delegación-Gastos custos	41,00 €
082 Xuntas estatais-Gastos viaxe, alox.	594,69 €
09 Despraz. e actos de representación	- €
10 Custos bancarios	39,40 €
101 Comisións por transferencias	5,40 €
102 Comisións de mantemento	34,00 €
11 Outros gastos	60,68 €
111 Apartado de Correos	60,68 €
112 Participación no Seguro RC	- €
TOTAL GASTOS	1.629,91 €

20 RESULTADO NETO CONTABLE	576,45 €
21 RESULTADO NETO LÍQUIDO	576,45 €



En definitiva, as contas anuais presentan un superávit de 576,45 euros.

Por outra banda, cómpre salientar que a Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos non presenta gastos de persoal xa que non conta con persoal propio contratado.

Asemade os membros da Xunta de Goberno da Delegación non recibiron ningunha retribución en razón ó seu cargo.

Si hai unha partida dedicada á compensación polos gastos asumidos polos membros da Xunta de Goberno con motivo de viaxes e desprazamentos. Neste senso aplícase a normativa vixente sobre gastos de locomoción, manutención e estadias.

No apartado de ingresos debemos referirnos ás cotas colexiais. Presentamos de seguido as cotas vixentes no ano 2014:

Concepto	Total	Cobro	Parcial	Impostos	Observacións
Cota ordinaria	120,00€	Trimestral	30,00€		
Cota xente nova (4 anos titulación)	60,00€	Trimestral	15,00€		
Cota parado/a (acreditación 1 ano de desemprego)	60,00€	Trimestral	15,00€		
Cota xubilado/a	20,00€	Anual	20,00€		
Cota precolexiado (a partir de 2º grao)	20,00€	Anual	20,00€		
Cota precolexiado/a FAJG	1,00€	Anual	1,00€		Asociación con convenio
Gastos devolución de recibos de cotas	3,00€	Recibo	3,00 €		
Expedición de certificados e declaracións	5,00€	Certificado	5,00 €	máis IVE	Agás certificado de colexiación e RSP
Inscripción no rexistro de Sociedades profesionais	120,00€	Inscripción	120,00€	máis IVE	
Modificación da inscrición no rexistro de sociedades profesionais	20,00€	Modificación	20,00 €	máis IVE	
Visado de proxectos	100,00€	Visado	100,00€	máis IVE	
Recoñecemento de sinatura en proxectos profesionais	35,00€	Recoñecement o	35,00 €	máis IVE	

6.- Informe de procedementos sancionadores

Durante o ano 2014 a Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos non iniciou nin resolveu ningún procedemento sancionador.

7.- Informe de queixas e suxestións



No ano 2014 non se recibiron queixas nin suxestións por parte de consumidores ou persoas externas ó Colexio.

En relación ós colexiados e colexiadas da Delegación tampouco se recibiu ningunha queixa.

8.- Informe deontolóxico

O Colexio de Xeógrafos dotouse en 2013 dun Código deontolóxico do exercicio da profesión, de aplicación en todo o Estado.

Este código tamén é aplicable en Galicia, e é o que rexe as actuacións dos membros da Xunta de Goberno da Delegación.

Así, os membros da Xunta de Goberno da Delegación Galega actuaron consonte a normativa vixente, nomeadamente no referente ós colexios profesionais, e á xestión de entidades de dereito público.

Neste senso, tamén se aplica a normativa de incompatibilidades e de contratación, e durante o ano non se produciu ningún procedemento nin toma de decisións na que existise conflitos de intereses.

II. ÁREA DE SERVIZOS

1. Emprego e defensa da capacidade profesional

Malia a crise e o difícil panorama laboral, ó longo de 2014 informouse aos colexiados/as, principalmente por medio do correo electrónico, daquelas convocatorias de prazas vacantes das Administracións e outras ofertas das que tivemos coñecemento, boa parte delas no estranxeiro.

Ademais, houbo solicitudes de información e consultas de colexiados sobre conflitos laborais ou dúbidas sobre a nosa capacidade profesional nalgúns eidos.

Estas consultas foron contestadas directamente, ou foron derivadas ós servizos xurídicos colexiais, para tentar darlles unha saída mesmo procesual ao asunto.

Por outra banda, a Delegación enviou á Dirección Xeral da Función Pública as súas alegacións ao proxecto lei do emprego público de Galicia, de cara a que se inclúa ás titulacións de Xeografía dentro da área das Ciencias Sociais en relación aos postos de emprego da Administración autonómica.

Asemade, mercé ó traballo dos servizos xurídicos do Colexio, gañouse a sentenza perante o TSX Galicia polo recurso de exclusión dos xeógrafos en traballos de avaliación ambiental.

Igualmente presentouse un recurso Potestativo de Reposición formulado contra a convocatoria de bolsas formativas para a posta en marcha de estratexias para o desenvolvemento social, cultural e económico do servizo de cultura, turismo, ensino, normalización lingüística e patrimonio histórico da Deputación de Lugo.



2. Caixa de correo electrónico e teléfono da Delegación

A caixa de correos recibe habitualmente mensaxes informativas principalmente, de actividades formativas, que envían empresas, entidades e organismos relacionados coa xeografía.

Igualmente, serve para que os colexiados/as fagan as súas consultas, do mesmo xeito que outros xeógrafos/as ou xente interesada en temas xeográficos. A maioría dos temas consultados están relacionados coa defensa profesional, a situación dos xeógrafos/as no mercado laboral, e coa solicitude de documentos ou servizos do Colexio.

Contestáronse todos os correos no prazo de tempo máis curto posible.

Ademais, a Delegación conta cun teléfono propio, que adoita administrar o tesoureiro territorial, no cal foron recibidas chamadas de colexiados/as ou de entidades, con temáticas similares ás indicadas no caso da caixa de correos.

3. Visado

Por mor dos cambios normativos que fan innecesario o visado en moitos casos, e pola crise económica xeral, no ano 2014 non se visou ningún proxecto no ámbito da nosa Delegación.

4.- Peritaxe:

Os membros do Colexio teñen a potestade para actuaren como peritos ou peritas xudiciais, sexa por demanda de parte ou do propio xulgado.

Consonte a normativa vixente, os colexios profesionais deben presentar a comezos do ano unha listaxe cos colexiadas e colexiados que amosaron a súa predisposición a seren peritos/as.

Polo tanto fíxose unha convocatoria para que quen o desexar puidese anotarse na listaxe de peritaxes xudiciais, e posteriormente enviouse ós órganos xurisdiccionais de Galicia.

A convocatoria para 2015 fíxose no mes de novembro de 2014, para poder enviar a listaxe ós xulgados a comezos do ano. A listaxe de peritos e peritas xudiciais en Galicia está formada por 8 persoas.

III. ÁREA DE FORMACIÓN

1. Organización de xornadas:

O día 29 de marzo de 2014 celebramos na librería Couceiro de Santiago de Compostela o workshop que levou por título *Mobildade e xestión dos espazos públicos urbanos. Reflexións dende a cidadanía e o territorio*. Houbo moita participación e o debate foi animado, non só por parte de investigadores e



especialistas na materia, senón tamén por parte das asociacións de veciños que asistiron así como poboación en xeral. Os invitados foron Xosé Constela Vega, Miguel Pazos Otón, Ergoesfera, AAVV Galeras.

Asemade, o Colexio participou nun curso sobre GVSIG que se impartiu no CFIE de Ponferrada para profesores de instituto, e apoiouse o III CURSO Aplicacións climáticas dos Sistemas de Información Xeográfica.

IV. ÁREA DE COMUNICACIÓN E REDES

1. Boletín Electrónico da Delegación Galega

De cara a facer do correo electrónico unha ferramenta áxil e eficaz, a información de interese para o colectivo enviouse en correos co formato do “Colexio de Xeógrafos Informa”.

Por esta vía, malia o importante descenso no número de convocatorias de concursos e de emprego público, enviáronse informacións relacionadas con licitacións da Administracións públicas, emprego, congresos e prazas de docente ou de investigador en diferentes universidades españolas e internacionais.

En total enviáronse 22 correos informativos.

2. Páxina web da Delegación:

A Delegación dedicou este ano para preparar unha nova páxina web, logo que a anterior quedase obsoleta.

Neste senso contratouse a unha empresa externa, que se encargou do seu deseño e da xeración dos contidos iniciais.

O custo da páxina foi asumido pola Delegación, aínda que tamén se solicitou á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, o apoio económico para esta iniciativa. Desafortunadamente esta axuda non se materializou.

No deseño da web tívose en conta a creación dunha plataforma de e-learning que empezará a funcionar na primavera de 2015.

V. ÁREA DE PROXECCIÓN SOCIAL

1. Representación en órganos colexiais externos

Durante 2014 o Colexio seguiu contando coa colexiada Alba González como representante do Colexio perante o GDR Costa Noroeste.



Asemade, o colexiado Ignacio Fernández asistiu no mes de marzo, como representante do Colexio, á asemblea de disolución da asociación de desenvolvemento rural Costa Ártabra.

Tamén establecemos contacto coa nova directa do Colexio de Arquitectos de Galicia de cara a desenvolver algunhas actividades conxuntas.

Igualmente, mantivéronse xuntanzas con representantes da Unión Xeográfica Internacional en representación do Colexio Estatal de cara a organizar seminarios e fomentar a colaboración entre os colexiados españois e os membros da dita institución.

2. Presenza institucional: Día da Xeografía e actividades no Ensino secundario

Como en anos anteriores en 2014 mantívose contacto e xuntanzas co Departamento de Xeografía da USC. Asemade, coorganizouse o 3º Día da Xeografía. Este día especial pretendeu axuntar unha serie de actividades de promoción da Xeografía, nomeadamente entre o alumnado dos últimos anos.

A pretensión era explicar onde traballamos, cales son os nosos ámbitos de investigación, e cales poden ser as saídas da Xeografía, ademais de que presentar o Colexio como entidade de apoio ós xeógrafos e xeógrafas.

Por outra banda, este ano voltamos visitar determinados institutos para dar charlas informativas sobre a carreira de Xeografía e as súas saídas profesionais.

Ademais presentouse a candidatura para organizar en Santiago de Compostela as Olimpíadas de Xeografía que terá lugar o 6 de marzo de 2015 na Facultade de Xeografía. Invitouse a todos os institutos galegos (2º bacharelato) a participar na mesma.

Por último, colaborouse coa Asociación de Xeógrafos Españois e o Departamento de Xeografía para pór en marcha o *III Concurso Escolar Explica Xeografía a través das túas fotos*.

Santiago de Compostela, febreiro de 2015

Delegación Territorial de Galicia do Colexio de Xeógrafos